Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela | www.copgalicia.gal | 981 534 049

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

**NOTA DE PRENSA**

# Profesionais da psicoloxía afondan na intervención en trastornos da conduta alimentaria

---

*Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018* - A avaliación e intervención sobre os trastornos da conduta alimentaria será o eixo do curso que organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia os vindeiros días 1 e 2 de xuño no Hospital Marítimo de Oza, pertencente ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Esta actividade centrarase especialmente na abordaxe dos trastornos cronificados, ao tempo que pretende coñecer mellor o modelo que se está a empregar no Hospital Universitario La Paz, en Madrid.

A docente, Rosa Calvo Sargadoy, doutora en Psicoloxía, exerce como psicóloga clínica no servizo de Psiquiatría e Psicoloxía Clínica do hospital madrileño, onde dirixe varios programas de tratamento para trastornos de conduta alimentaria. Conta cunha ampla experiencia docente e clínica, ten elaborado varias guías e probas para a avaliación e o asesoramento sobre trastornos da conduta alimentaria. Na formación desta fin de semana presentará as bases teóricas e prácticas da intervención seguindo o modelo de capacitación familiar cognitivo/emocional para o tratamento dos TCA utilizado no Hospital La Paz.

O curso que organiza a Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, forma parte do programa formativo co que o Colexio pretende promover a actualización dos coñecementos dos/das profesionais da Psicoloxía na nosa Comunidade.

**Saúdos,**

**Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:
981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal